

# BANDO

## PRESTACIÓN ECONÓMICA DE PAGO ÚNICO POR FILLA/O A CARGO MENOR DE 3 ANOS

Infórmase á veciñanza que a **Consellería de Política Social**, abre o prazo de presentación de solicitudes da **Prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de 3 anos para o ano 2018**.

### Requisitos:

- Que as persoas proxenitoras teñan a súa residencia habitual en Galicia.
- Que na data da solicitude as nenas e/ou nenos convivan coa persoa solicitante
- Que as filla e/ou fillos sexan menores de tres anos o 1 de xaneiro de 2018 (nacementos entre o 2/1/2015 e o 1/1/2018, inclusive)
- Que durante o ano 2016, ningunha persoa integrante da unidade familiar presentase declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) correspondente a este período (por ter a obriga ou presentala de xeito voluntario aínda sen ter a obriga).

### Tipo de axuda e contía:

A prestación consistirá nun pagamento único por cada filla ou fillo menor de tres anos sen que a mesma filla ou fillo poida dar lugar a máis dunha prestación. A contía será a seguinte:

- Cando sexa a primeira filla ou fillo: 360 euros.
- Cando sexa a segunda filla ou fillo: 1.200 euros.
- Cando sexa a terceira ou terceiro e sucesivos: 2.400 euros.

### Documentación a achegar coas solicitudes:

- **Novas solicitudes:**
  - \* Libro de familia
  - \* Certificados de empadramento conxunto de toda a unidade familiar.
  - \* Sentenza de separación ou divorcio, se é o caso
  - \* Resolución da Adopción ou Tutela, se é o caso
  - \* Acreditación da monoparentalidade, se é o caso
  - \* Código IBAN da conta bancaria.
  - \* Declaración de Axudas, de non ter débedas coa Seguridade Social e Autorización para a verificación de datos en Facenda
- **Perceptoras no ano 2017:**
  - \* Resolución do ano anterior co número de expedienteSe variaron as circunstancias acreditación documental

### Prazo:

Do 1 de febreiro ao 21 de marzo

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns, de 10 a 14 horas, e martes e venres de 9 a 14 horas** (TEL. 986564409, email: [ssociais@pontecesures.org](mailto:ssociais@pontecesures.org)).

Pontecesures, 31 de xaneiro de 2018

O ALCALDE,

Juán Manuel Vidal Seage

**CONCELLO DE PONTECESURES**